

Explicamos algunhas das particularidades de Coop57. Aquelas características que nos fan diferentes e que dan valor ao noso proxecto. Un espazo para que todos os socios e socias vaian coñecendo as particularidades de Coop57.

reflexión

destacados

seccións

economía
solidaria

socias

préstamos

datos

A importancia de ser socia cooperativista

Un dos principais valores de Coop57 é a súa base social: máis de 3.600 persoas e máis de 750 empresas e entidades da economía social e solidaria. Todas estas persoas e entidades socias, máis alá de buscar un espazo de aforro ou de financiamento, constitúense como unha gran rede que colectivamente constrúe unha entidade pensada e estruturada para ser unha ferramenta financeira ao servizo da transformación económica e social.

➔ Nesta edición de pedaCOOPxía veremos a importancia de converterse en socia cooperativista de Coop57, un paso máis alá de ser cliente dunha entidade financeira. Da importancia de formar parte dun movemento socioeconómico que pretende pensar colectivamente que modelo económico e social se quere promover.

O crecemento de Coop57 durante os últimos anos foi moi importante. No período 2010-2016, as achegas ao capital social multiplicáronse por catro e a base social triplicouse. Pola súa parte, a evolución dos préstamos tamén foi moi significativa, posto que, no mesmo período, o saldo vivo de empréstitos concedidos duplicouse. Como podemos deducir, non obstante, o ritmo de crecemento dos préstamos foi inferior ao das achegas ao capital social da cooperativa.

Por este motivo, desde hai algún tempo, Coop57 observou a necesidade de desacelerar o ritmo de crecemento das achegas ao capital social que as socios e socias de Coop57 estaban a facer á cooperativa. É por iso que o Consello Reitor decidiu adoptar unha medida, de carácter transitorio, que limitaba a entrada de novas achegas á cifra de 10.000 euros por socio e ano. A medida respondía á busca dun crecemento ordenado e equilibrado que non puxese en perigo a solvencia da cooperativa.

Pero esta reflexión nunca pretendeu limitar a entrada de novas persoas ou entidades socias. Se ten a absoluta e firme convicción de que o crecemento da base social é imprescindible no noso proxecto e incrementar o número de persoas e de entidades comprometidas para a transformación social, vinculadas entre elas é algo netamente positivo, desexábel e necesario.

Os múltiples actores que ao longo de máis de 20 anos da historia da entidade estiveron construíndo e pensando a forma, funcións e obxectivos de Coop57 quixeron deseñar unha ferramenta estratéxica para o desenvolvemento da economía solidaria. Unha ferramenta pensada para servir e axudar a crear, consolidar, axudar a crecer e fortalecer proxectos socioeconómicos de transformación social e económica. Coop57 ten a vocación de pertencer a todas aquelas persoas e entidades que queiran contribuír ao cambio social e económico do noso entorno. Unha ferramenta financeira en mans da sociedade, propiedade de todos os seus socios e socias.

Polo tanto, se crece a base social, seremos máis fortes e poderemos incidir máis e mellor no establecemento de novos modelos económicos que poidan transformar a sociedade cara a realidades pensadas desde os criterios da economía transformadora. E o estaremos facendo nós, coas nosas mans, coa nosa forza de traballo, co noso diñeiro e coa nosa participación, implicación e exercendo a democracia económica.

A importancia non radica tanto en achegar moito diñeiro de aforro a Coop57. O paso realmente transformador é converterse en socia, sentirse e ser parte de Coop57. Acumular a forza colectiva suficiente para cambiarmos e cambiar a economía e a sociedade. De facer valer e ser conscientes de que nos dotamos, como sociedade, de ferramentas que traballan para o benestar e o desenvolvemento colectivo.

"tense a absoluta e firme convicción de que o crecemento da base social é imprescindible no noso proxecto e de que é algo netamente positivo, desexábel e necesario"

